



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

PROCESO SELECTIVO PARA CONTRATACIÓN DE TRABALLADOR SOCIAL CONVOCADO POLO CONCELLO DE FRIOL (AGRUPACIÓN FRIOL-GUNTÍN). RESOLUCIÓN ALEGACIÓNS E CONVOCATORIA SEGUNDO EXAME. -

O Tribunal, constituíuse o catorce de xuño do actual, procedendo seguidamente á realización do primeiro exercicio da fase de oposición, publicándose na mesma data os resultados no taboleiro de anuncios e na web do concello.

De conformidade co disposto nas bases da convocatoria, unha vez que se procede á publicación das cualificacións obtidas polos/as aspirantes, estes/as dispoñían dun prazo de tres días hábiles, para que poideran realizar as alegacións ou reclamacións pertinentes. Unha vez transcurrido o prazo e ao que resulte do mesmo, á vista das puntuacións obtidas, o Tribunal acorda citar aos/as aspirantes que superaron a puntuación mínima esixida para a realización do segundo exercicio da fase de oposición, na data que se comunicará mediante anuncio publicado na web e no taboleiro de anuncios do concello.

No prazo concedido para elo, mediante conversación telefónica Tania Moure Eiriz, pónse de manifesto que segundo a plantilla publicada e as respostas que ela deu ás preguntas, pode haber un erro na corrección do seu exercicio. Revisado o mesmo, pónse de manifesto que efectivamente había un erro na corrección, en concreto na pregunta 37 do cuestionario, que estaba marcada como mal e que contestou correctamente, o que supón cambio na puntuación, aínda que non alcanza para a superación do exercicio. Revisado o mesmo, segundo consta na acta correspondente, de conformidade co disposto nas bases da convocatoria, en relación coa corrección do exercicio correspóndelle unha puntuación de 4.50 puntos.

Á vista do exposto, acordouse:

-A corrección do erro, outorgando nova puntuación unha vez revisado o seu exercicio, procedendo á publicación da rectificación da puntuación outorgada.

-Convocar aos/as candidatos/as que superaron o primeiro exercicio, para a realización do segundo exercicio da fase de oposición, que de conformidade coas bases da convocatoria, consistirá na resolución dun caso práctico sobre labores propios do traballo para desenvolver durante un período máximo dunha hora, para o **vindeiro 28 de xuño, ás 9.30 horas, na aula da Casa do Concello de Friol.**

Friol 21 de xuño de 2018.

O Secretario

